



DOCUMENTACIÓN INTERVENCIÓN SUBACUÁTICA

1. **MEMORIA:** que indique os seguintes extremos, segundo o establece o artigo 4º da Orde de 23/04/1999 (DOG nº 90 de 12 de maio):
 - Tipo de traballo, profundidade e descrición.
 - Lugar de datas en que se vai a realizar.
 - Empresa de mergullo profesional ou entidade responsable, e persoa ó cargo.
 - Persoa ou persoas que van actuar de xefe de equipo.
 - Mergulladores que van participar e titulación que posúen.
 - Horario e tempo aproximado diario.
 - Equipo e plantas de mergullo utilizadas.
 - Gases respirables que se van a utilizar.
 - Embarcacións, maquinaria, equipos, ferramentas, explosivos, etc. Que van a utilizar.
 - Empresa ou entidade para a que se realiza o traballo, domicilio social e persoa responsable dela.
 - En caso de utilización de explosivos, fotocopia compulsada da autorización para o seu uso por parte da autoridade competente na materia.

De conformidade coa Circular da Subdirección Xeral de Ensiño e Desenvolvemento Pesqueiro, de 2 de febreiro de 2005, ás solicitudes de autorizacións para intervencións subacuáticas de carácter laboral, profesional ou científica de calquera tipo, **deberan achegar xunto coa memoria relacionada anteriormente:**

2. **Fotocopia compulsada** do NIF si o solicitante é persoa física. CIF da empresa ou entidade solicitante, e **fotocopia compulsada** do DNI do administrador ou representante legal da mesma.
3. **Fotocopia compulsada** das tarxetas profesionais dos xefes de equipo e de tódolos membros que o compoñen.
4. **Fotocopia compulsada** do Libro Diario de Mergullo ou da Libreta de Actividades Subacuáticas do xefe de equipo.
5. **Para que as intervencións sexan recoñecidas como de carácter científico, a efectos de autorización** as empresas ou entidades públicas solicitantes deberán contar coa resolución expresa da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro que será válida ata o remate da actividade obxecto da solicitude.